



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Anuncio aprobación inicial da modificación da Ordenanza nº 6 (auga) e nº 9 (sumidoiros)

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA E DA SÚA ORDENANZA REGULADORA Nº 6 E APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS, ACOMETIDAS Á REDE XERAL, CONTROL E INSPECCIÓN DE SUMIDOIROS PRIVADOS E DA SÚA ORDENANZA REGULADORA Nº 9.

O Pleno da Corporación, en sesión do 27 de novembro de 2025, adoptou, entre outros, os acordos seguintes:

- Aprobación da modificación da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de subministro de auga e da súa ordenanza reguladora nº 6.
- Aprobación da modificación da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola rede de sumidoiros, acometidas á rede xeral, control e inspección de sumidoiros privados e da súa ordenanza reguladora nº 9.

Procede a exposición pública por un prazo de trinta días, mediante inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no diario “La Voz de Galicia”, así como no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do concello de Arteixo. O prazo citado comezará a contar a partir da derradeira das publicacións realizadas.

Durante este período, tódolos interesados poderán examinar o expediente e presentar, no seu caso, as reclamacións que consideren oportunas.

Rematada a exposición pública, a Corporación resolverá as reclamacións que foran presentadas. Se tales reclamacións non se tiveran producido, o texto até entón provisional, entenderase definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do texto íntegro das prestacións patrimoniais.

Arteixo, a 2 de decembro de 2025.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Emilio Maceiras López.

(Concelleiro de Economía e Facenda).

2025/8121